

EXPEDIENTE:	2024/00039631W
PROCEDEMENTO:	P2 - Preparación, xestión e adjudicación do contrato

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2024 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación do prego cláusulas administrativas que rexe o contrato *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE).*

A proposta é do seguinte teor literal:



Paz Filloy Mato, xefa do Servizo de Contratación, consente os termos establecidos no artigo 175 Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

INFORMO

ANTECEDENTES

1. O día 05/09/2024 ditouse resolución de inicio do expediente do *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España - instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE (RCC: CON2024000044).*
2. O día 18/09/2024 foi asinado o PCAP que rexe neste procedemento de licitación. Na cláusula 15.3 do PCAP consta que o prazo de presentación de ofertas é de 15 días naturais. O anuncio de licitación foi publicado na PLACSP o 26/09/2024.
3. Este contrato xa fora licitado anteriormente co núm. RCC: CON2024000006 e foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno o 29/07/2024 por non concorrer ningún operador á dita licitación.

4. Na licitación do novo contrato (RCC: CON2024000044) aínda que se diminuíron exixencias na solvencia técnica así coma o número de páxinas do anteproxecto que deben presentar os licitadores e que vai ser avaliado mediante xuízo de valor, o centro xestor considere que se debe establecer para a presentación de ofertas un prazo de 30 días naturais, ao igual que na licitación que se declarou deserta, para facilitar a concorrencia.

5. Segundo o disposto no art. 122.1 da LCSP, a rectificación dos pregos por erros materiais posterior á súa aprobación implica a retroacción das actuacións. Este novo prego deberá ser publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público e o prazo de 30 días naturais para a presentación das ofertas empezará a computar o día seguinte ao da publicación do anuncio correspondente.

CONSIDERACIÓNS

Polo exposto e tendo en conta o disposto no artigo 122.1 da LCSP, esta concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019 e por acordo da Xunta de Goberno do 13/04/2022, PROPÓN que a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela adopte o seguinte:

ACORDO

Primeiro: Aprobar o prego cláusulas administrativas asinado o día 30/09/2024, que vai rexer o contrato do *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España - instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE* (RCC: CON2024000044).

Segundo: Ordenar que se publique o dito PCAP na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP), empezando a contar o prazo de 30 días naturais para a presentación das ofertas o día seguinte ao da publicación do anuncio correspondente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prego cláusulas administrativas asinado o día 30/09/2024, que vai rexer o contrato do *Servizo de Asistencia Técnica, Redacción do Proxecto Básico e Execución e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) da "Naturalización da lagoa do Auditorio e restauración fluvial do río Corgo". Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España - instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE* (RCC: CON2024000044).

Segundo: Ordenar que se publique o dito PCAP na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP), empezando a contar o prazo de 30 días naturais para a presentación das ofertas o día seguinte ao da publicación do anuncio correspondente.

